Avda. De Ourense, s/n – 36900 Marín
986 88 03 00 | concellodemarin.es

# ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 17 DE XUÑO DE 2024

| | |
|---|---|
| **ASUNTO:** | **APERTURA DOS ARQUIVOS ELECTRÓNICOS ÚNICOS** |
| **LICITACIÓN:** | **"MANTEMENTO E MELLORA DA ESTRADA DE ACCESO A PASTORIZA. FASE I".**<br>**EXP.: 2024/CO141-002** |
| **PROCEDEMENTO:** | **ABERTO SIMPLIFICADO MODALIDADE ABREVIADA** |

**En Marín, na Casa Consistorial, sendo as 13:30 horas do día 17 de xuño de 2024, reúnese a Mesa de contratación do procedemento de licitación arriba indicado, formada polos seguintes membros:**

**Presidenta:**

Dª. María Ramallo Vázquez, alcaldesa-presidenta do Concello de Marín.

**Vocais**:

D. Alberto Pensado Seijas, Secretario accidental do Concello, funcionario de carreira, técnico de administración xeral.

Dª. Sonia David Cortegoso, funcionaria pertencente ao corpo de funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, subescala de intervención.

D. José Antonio Graña Santaclara, funcionario pertencente ó corpo de funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, subescala de intervención.

**Secretaria:**

Dª. Mª Jesús Iglesias Barreiro, funcionaria de carreira pertencente á Escala de Administración Xeral, subescala técnica.

Pola Presidencia da Mesa de Contratación tense esta por constituída.

A secretaria deste órgano dá lectura aos licitadores que se presentaron a este procedemento de contratación:

- CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.- NIF: B36133916
- CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L. - NIF: B36147429
- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) - NIF: A36008886
- CONSTRUCCIONES VALE, S.L. - NIF: B36024933
- MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. - NIF: B36533537



CSV: 07E80013DC0E00B4S3B0D1K5M1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80013DC0E00B4S3B0D1K5M1 en https://sede.concellodemarin.es

FIRMANTE - FECHA
MARIA JESUS IGLESIAS BARREIRO-Técnico Administración Xeral - 18/06/2024
MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 18/06/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 18/06/2024 15:56:04

EXPEDIENTE : 2024CO141-002
Fecha: 16/05/2024
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

Avda. De Ourense, s/n – 36900 Marín
986 88 03 00 | **concellodemarin.es**

– NAROM, S.L. - NIF: B36163418

Seguidamente, cada un dos membros da Mesa de Contratación formula manifestación expresa de que non concorre nos mesmos ningún conflito de interese que poida comprometer a súa imparcialidade e independencia durante o procedemento.

A continuación, procédese á apertura mediante dispositivo electrónico (Plataforma de Contratación do Sector Público) dos sobres/arquivos electrónicos únicos e ao exame do seu contido.

Tras comprobar que a documentación incluída nos sobres únicos ("Declaración responsable e documentación relativa á oferta económica" é a esixida na cláusula 12 do PCAP, e está presentada de forma adecuada, a Mesa de contratación decide considerar formalmente válidas e declarar ADMITIDAS todas as proposicións presentadas.

Sendo o contido das ofertas o que a continuación se transcribe:

| **LICITADORES** | **OFERTA ECONÓMICA (SEN IVE)** | **AUMENTO DO PRAZO DE GARANTÍA** |
|---|---|---|
| CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO | 45.800,00 € | NON |
| CONSTRUCCIONES E.C. CASAS | 43.136,67 € | NON |
| CONSTRUCIONES OBRAS Y VIALES | 45.951,13 € | NON |
| CONSTRUCCIONES VALE, S.L. | 41.821,41 € | 5 ANOS |
| MARCONSA | 45.035,97 € | NON |
| NAROM, S.L. | 45.643,01 € | 5 ANOS |

A continuación a mesa procede a:

**Primeiro.-** Avaliar e clasificar a oferta admitida, segundo segue:

| **ORDE** | **LICITADORES** | **OFERTA ECONÓMICA (SEN IVE)** | **PUNTOS OFERTA ECONÓMICA** | **AUMENTO PRAZO DE GARANTÍA** | **PUNTOS AUMENTO PRAZO GARANTÍA** | **TOTAL PUNTOS** |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1º | CONSTRUCCIONES VALE, S.L. | 41.821,41 € | 90,00 | 5 ANOS | 10 | 100,00 |
| 2º | NAROM, S.L. | 45.643,01 € | 82,46 | 5 ANOS | 10 | 92,46 |
| 3º | CONSTRUCCIONES E.C. CASAS | 43.136,67 € | 87,23 | NON | 0 | 87,26 |
| 4º | MARCONSA | 45.035,97 € | 83,58 | NON | 0 | 83,58 |
| 5º | CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO | 45.800,00 € | 82,18 | NON | 0 | 82,18 |
| 6º | CONSTRUCIONES OBRAS Y VIALES | 45.951,13 € | 81,91 | NON | 0 | 81,91 |



CSV: 07E80013DC0E00B4S3B0D1K5M1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80013DC0E00B4S3B0D1K5M1 en https://sede.concellodemarin.es

FIRMANTE - FECHA
MARIA JESUS IGLESIAS BARREIRO-Técnico Administración Xeral - 18/06/2024
MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 18/06/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 18/06/2024 15:56:04

EXPEDIENTE : 2024CO141-002
Fecha: 16/05/2024
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

Avda. De Ourense, s/n – 36900 Marín
986 88 03 00 | concellodemarin.es

**Segundo.-** Tras avaliar e clasificar as ofertas, comprobase no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas que a empresa mellor puntuada está debidamente constituída e non está incursa en ningunha prohibición para contratar, extremos que resultan acreditados, a Mesa procede a formular proposta de adxudicación do contrato de obras de "Mantemento e mellora da estrada de acceso a Pastoriza. Fase I", a favor da empresa Construcciones Vale, S.L., NIF B36024933, polo prezo e condicións que se expresan a continuación, e con estrita suxeición aos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexen o procedemento e á súa oferta:

**Prezo: 50.603,91 € con IVE (41.821,41 € sen IVE e un IVE de 8.782,50 €).**

**Prazo de execución: dous (2) meses.**

**Prazo de garantía: 6 anos.**

**Outras condicións de adxudicación:** Conforme os pregos e a oferta presentada que se considera parte integrante do contrato.

**Terceiro.-** A formalización do contrato efectuarase mediante a firma de aceptación polo contratista da resolución de adxudicación.

Á vista do anteriormente exposto, elévase a seguinte proposta ao órgano de contratación:

"***Primeiro.-*** *Avaliar e clasificar as ofertas admitidas, segundo segue:*

| ORDE | LICITADORES | OFERTA ECONÓMICA (SEN IVE) | PUNTOS OFERTA ECONÓMICA | AUMENTO PRAZO DE GARANTÍA | PUNTOS AUMENTO PRAZO GARANTÍA | TOTAL PUNTOS |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1º | CONSTRUCCIONES VALE, S.L. | 41.821,41 € | 90,00 | 5 ANOS | 10 | 100,00 |
| 2º | NAROM, S.L. | 45.643,01 € | 82,46 | 5 ANOS | 10 | 92,46 |
| 3º | CONSTRUCCIONES E.C. CASAS | 43.136,67 € | 87,23 | NON | 0 | 87,26 |
| 4º | MARCONSA | 45.035,97 € | 83,58 | NON | 0 | 83,58 |
| 5º | CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO | 45.800,00 € | 82,18 | NON | 0 | 82,18 |
| 6º | CONSTRUCIONES OBRAS Y VIALES | 45.951,13 € | 81,91 | NON | 0 | 81,91 |

***Segundo.-*** *Aceptar a proposta de adxudicación formulada pola mesa de contratación e adxudicar o contrato de obras de "Mantemento e mellora da estrada de acceso a Pastoriza. Fase I", a favor da empresa Construcciones Vale, S.L., NIF B36024933, polo prezo e condicións que se expresan a continuación, e con estrita suxeición aos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexen o procedemento e á súa oferta:*

**Prezo:** 50.603,91 € con IVE (41.821,41 € sen IVE e un IVE de 8.782,50 €).

**Prazo de execución:** dous (2) meses.



CSV: 07E80013DC0E00B4S3B0D1K5M1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80013DC0E00B4S3B0D1K5M1 en https://sede.concellodemarin.es

FIRMANTE - FECHA
MARIA JESUS IGLESIAS BARREIRO-Técnico Administración Xeral - 18/06/2024
MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 18/06/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 18/06/2024 15:56:04

EXPEDIENTE : 2024CO141-002
Fecha: 16/05/2024
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

Avda. De Ourense, s/n – 36900 Marín
986 88 03 00 | concellodemarin.es

**Prazo de garantía:** 6 anos.

*Outras condicións de adxudicación: Conforme os pregos e a oferta presentada que se considera parte integrante do contrato.*

***Terceiro.-*** *Proceder á formalización do contrato mediante a firma de aceptación polo contratista da resolución de adxudicación.*

***Cuarto.*** *A comprobación do replanteo da obra deberá levarse a cabo no prazo máximo dun mes a contar dende a formalización do contrato.*

***Quinto***. *Publicar anuncio de adxudicación no Perfil de contratante en prazo de quince días.*

***Sexto.*** *Designar a D. Joaquín Bermúdez Pérez, enxeñeiro do Concello de Marín, encargado do seguimento do presente contrato, aos efectos do indicado nos artigos 210 da Lei 9/17, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), e 59 e 179 do (RXLCAP), correspondéndolle as seguintes funcións:*

*1. Prestar a súa conformidade, no seu caso, ás facturas emitidas (artigo 210 da Lei 9/17, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), 59 do Real Decreto 500/90).*

*2. Asistir á recepción da obra.*

*3. Prestar asistencia á Intervención Municipal para a recepción da obra.*

***Sétimo.*** *Notificar a Construcciones Vale, S.L., NIF B36024933, adxudicataria do contrato, o presente acordo e advertirlle que a formalización do contrato se efectuará mediante a firma de aceptación da resolución de adxudicación.*

***Oitavo.*** *Publicar anuncio de formalización do contrato no Perfil de contratante en prazo non superior a quince días tras a perfección do contrato e co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.*

***Noveno.*** *Comunicar ao Rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos do contrato incluíndo a identidade do adxudicatario, o importe de adxudicación, xunto coa desagregación correspondente do Imposto sobre o Valor Engadido.”*

Ao non haber máis asuntos que tratar, sendo as 14:00 horas do día da data, levántase a sesión e eséndese a presente acta, que asina a Secretaria, co visto bo da Presidenta.

A Presidenta da Mesa A Secretaria da Mesa

(DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE)



CSV: 07E80013DC0E00B4S3B0D1K5M1



| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80013DC0E00B4S3B0D1K5M1 en https://sede.concellodemarin.es | FIRMANTE - FECHA<br>MARIA JESUS IGLESIAS BARREIRO-Técnico Administración Xeral - 18/06/2024<br>MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 18/06/2024<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 18/06/2024 15:56:04 | EXPEDIENTE : 2024CO141-002<br>Fecha: 16/05/2024<br>Hora: 00:00<br>Und. reg: REGISTRO GENERAL |
|---|---|---|